USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# Boletín 5
# 9-13 outubro de 2023

# Actividades Académicas

TÍTULO: II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 9 de outubro de 2023

LUGAR: Salón de Graos da Facultade de Filoloxía da USC

HORARIO: 9:30 horas

CONTACTO: marta.negro@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:

http://ilg.usc.gal/gl/II-xornada-variacion-cambio

DESCRICIÓN: Do 1 ao 30 de setembro encóntrase aberto o prazo de inscrición para asistir á II Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico, organizada polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro. Na páxina do evento, centrado este ano no estudo da variación e do cambio lingüístico en espazos urbanos, pode efectuarse a inscrición e consultar o programa definitivo, conformado por traballos de investigadores e investigadoras de diversos puntos da península.



# Actividades Académicas

TÍTULO: “Poshumanismo filosófico: de la crítica a la subjetividad canónica a la transhumanidad”

DESTINATARIOS/AS: Alumnado, persoal investigador, profesorado

ORGANIZACIÓN: Proxecto de investigación “Post-Human Intersections in Irish and Galician Literatures” PID2022-136251NB-I00”, Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

DATA/S: 10 outubro 2023

LUGAR: aula B03, Facultade de Filoloxía

HORARIO: 16:00

ENDEREZO DE CONTACTO: maria.alonso.alonso@usc.es



# Actividades Académicas

TÍTULO: Conferencia: La compleja formación del español

Profª: Inés Fernández-Ordóñez (Universidade Autónoma de Madrid – RAE)

ORGANIZACIÓN: GI 1350-Románicas

DATA/S: 10 de outubro de 2023

LUGAR: Aula C07

HORARIO: 13.00 horas

ENDEREZO DE CONTACTO: pilar.lorenzo@usc.es



# Actividades Académicas

TÍTULO: Introdução aos estudos semântico-lexicais em língua portuguesa: perspetiva cognitiva socio-histórica

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: do 16 ao 18 de outubro de 2023

LUGAR: aula B10 da Facultade de Filoloxía da USC

HORARIO: 16:30 – 19:00 h

ENDEREZO: marta.negro@usc.gal

LIGAZÓN:

http://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-estudos-semantico-lexicais-portugues

DESCRICIÓN: Este curso, impartido pola profesora da Universidade do Estado da Bahia Elisângela Santana dos Santos, ten como obxectivo demostrar que o léxico dun pobo está intimamente ligado á súa historia, e que, a partir dese léxico, as relacións entre lingua, linguaxe, discursos e sociedade superan as fronteiras lingüísticas, as cales abranguen tamén funcións cognitivas e socioculturais.

A asistencia é libre e non é necesaria a inscrición, a non ser que se desexe obter un certificado de asistencia. Nese caso é preciso encher este formulario.



# Actividades Académicas

TÍTULO: Ciclo de palestras LGBTIQ+ na USC: Queer-emos Estudos Queer

DESTINATARIOS/AS: profesorado e estudantado da USC e público en xeral

ORGANIZACIÓN: Centro de Investigacións Feministas e Estudos de Xénero

DATA/S: 6/10, 20/10, 27/10, 10/11, 17/11 e 24/11

LUGAR: Salón de Actos

HORARIO: 16 – 20:30

ENDEREZO DE CONTACTO: cifex@usc.es

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: https://cifex.usc.gal/



# Actividades Académicas

TÍTULO: Obradoiros de Humanidades Dixitais

DESTINATARIOS/AS: Estudantes, persoal en formación, investigadores

ORGANIZACIÓN: Grupo de Investigación Humboldt

DATA/S: 20 de setembro, 21 de setembro, 18 e 19 de outubro e 26 e 26 outubro

ENDEREZO DE CONTACTO: victor.millet@usc.es

DESCRICIÓN:

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais pa traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbi académico, ademáis de aumentar a túa empregabilidade. Na cuarta edició ofertamos obradoiros sobre XML, XPATH e R, ademáis dun obradoiro no que buscan as ferramentas que faltan.

## Obradoiros de Humanidades Dixitais – Outono 2023 (4ª ed.)

Queres mergullarte nas Humanidades Dixitais? Coñeces as ferramentas que se integran nelas? Xa sabes algo e queres profundizar? As ferramentas dixitais para traballos en humanidades xa son unha realidade tanto en investigación como no ámbito empresarial. Saber usalas pode abrirche posibilidades no ámbito académico, ademáis de aumentar a túa empregabilidade. Apúntate á cuarta edición dos obradoiros, na ofertamos un repertorio de linguaxes e aplicacións: XML, XPATH e R. Pérdelle o medo a estes nomes, os expertos docentes vanche ensinar que é todo moito máis fácil do que pensas.

### Requisitos

- Seres investigador/a ou estudante en cursos avanzados, preferentemente de filoloxía
- Ter e traer portátil propio e instalar o software que se indicará en cada caso

### Prazas e inscrición

- As prazas dispoñibles para cada curso son limitadas. **É obrigatorio inscribirse previamente.**
- Data límite inscrición obradoiro 2: 18 de setembro.
- Pódese facer inscrición por obradoiro (non é preciso facelos todos)
- Inscrición obradoiros 1 e 2: mail a Lola Mosquera lola.mosquera.sanchez@usc.es
- Inscrición obradoiro 3: mail a María José Domínguez majo.dominguez@usc.es
- Inscrición obradoiro 4: mail a Victor Millet victor.millet@usc.es

### Programa

| Nº | Data | Horario | Obradoiro | Imparte | Idioma |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 20 setembro | 16:00 – 18:00: Aula B06 | Conferencia: *From Basic to R: Digital Research in Linguistics* | José Manuel Fradejas (UVA) | ENG |
| 2 | 21 setembro | 16:00 – 18:00: Aula B06 | Workshop: *A Hands-on workshop in R for Humanists* | José Manuel Fradejas (UVA) | ENG |
| 3 | 26 e 27 outubro | 26: 17:30 – 19:00: Aula: B10<br>27: 09:30 – 13:30: Aula: B13 | Workshop: *Tell us which resources don't yet exist!* (só para estudantes e persoal en formación) | Carlos Valcárcel (UVigo) / María José Domínguez (USC & EMLex) / Isaac González (EMLex) | ENG |
| 4 | 18 e 19 de outubro | 16:00 – 19:00: Aula D14 | Workshop: *Introducción á codificación de textos en XML/TEI, e ao uso de XPATH* | Victor Millet (USC) | ESP |

### Organiza

Grupo Humboldt GI-1920

XUNTA DE GALICIA · USC · FACULTADE DE FILOLOXÍA · EMLex

With the support of the Erasmus+ Programme of the European Union

# Actividades Académicas

TÍTULO : Seminario sobre Variación e ensino de linguas

ORGANIZACIÓN: GI Gramática do español

DATA/S: 31 de outubro de 2023

LUGAR: Aula C07, Facultade de Filoloxía

HORARIO: 11:00 - 13:00

ENDEREZO : maria.sampedro.mella@usc.es

LIGAZÓN: https://gramatica.usc.es/gl/events

DESCRICIÓN:

Interveñen:

11:00 h Yekaterina García Markina (Université de Tours): «Dificultades de los aprendices francófonos en la selección de ser y estar en las construcciones atributivas»

12:00 h Fabiana Álvarez-Ejzenberg (Université de Picardie Jules Verne): «Conectores pragmáticos y variación diatópica: el caso de la partícula pues»

Organiza: GI Gramática do español no marco do proxecto "Explotación de corpus generales y de aprendices para la investigación y la enseñanza del discurso en el español como lengua extranjera (ELE)". Actividade financiada pola Embaixada de Francia en España (proxectos científicos para investigadores confirmados).



# Actividades Culturais

TÍTULO: As disciplinas do Seminario de Estudos Galegos onte e hoxe

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 9 de outubro

HORARIO: 15.45

LUGAR: Salón de Actos

ENDEREZO DE CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

DESCRICIÓN: Con motivo do centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos a Facultade de Filoloxía, en colaboración coa Asemblea de Investigadoras, organiza a xornada *As disciplinas do SEG onte e hoxe*. Con este evento pretendemos avaliar o estado actual das disciplinas que constituíron as diferentes seccións que integraron o SEG dende a mirada do estudantado de doutoramento da USC. As súas conclusións principais poden verse nnun conxunto de vídeos: https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZUqcQDGJmwq2nV1j0QwmVJD

Esta actividade enmárcase no conxunto de eventos que terán lugar na facultade para celebrar o centenario da fundación do SEG: a exposición organizada pola Vicerreitoría de Cultura (Sabor de Nós, Seminario de Estudos Galegos, 2-12 de novembro) e a mesa redonda ´O Seminario de Estudos Galegos, a filoloxía e as letras galegas e a relación con Portugal´ (9 de novembro, 12.00 horas, Salón de Graos) na que participarán os profesores Elias Torres, Enrique Monteagudo e Dolores Vilavedra. Nesa mesma data presentaremos, tamén, a publicación derivada na xornada de investigación celebrada o día 9 de outubro que edita o Servizo de Publicacións da USC.



# Actividades Culturais

TÍTULO: Convocatoria de proxectos colaborativos 2023/2024

DESTINATARIOS/AS: Facultade

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 15 de outubro (data límite para o envío de propostas)

ENDEREZO DE CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

DESCRICIÓN: Abrimos a convocatoria de proxectos colaborativos que poderán solicitar grupos integrados por diferentes persoas de Facultade. Os proxectos serán culturais, de docencia, investigación ou transferencia e durarán todo o curso académico.



USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

**CONVOCATORIA DE PROXECTOS COLABORATIVOS**

**Que é un proxecto colaborativo?**

Un proxecto colaborativo caracterízase porque unha persoa ou grupo de persoas (estudantes, PDI ou PAS da facultade) propón unha actividade que envolve outros membros da facultade interesados nesta, e que dura no tempo. Para que unha actividade deste tipo se poida levar a cabo, a persoa ou grupo propoñente terán que axudar a dinamizar a constitución do grupo que vai levar a cabo a actividade, definindo tamén o perfil e as principais características desta.

**Modalidades de proxectos colaborativos**

a) culturais
b) de docencia, investigación ou transferencia

**Prazo e enderezo para o envío das propostas**

filoloxia.decanato@usc.gal ata o 15 de outubro

**Que debes enviar?**

**1)** unha pequena descrición da actividade, na que se inclúan os principais obxectivos
**2)** a súa periodización
**3)** os detalles sobre eventuais necesidades loxísticas e financeiras
**4)** tipo de participantes: toda a comunidade, PDI, PAS, estudantado, e, mesmo, persoas alleas á facultade, caso, por exemplo, da veciñanza de Vista Alegre ou de Vite.

**Avaliación e comunicación de resultados**

As propostas da modalidade a) serán tratadas no ámbito da Comisión de Actividades culturais. As da b) serán ou derivadas a algunha Comisión da Facultade que teña entre as súas competencias asuntos relacionados coa proposta ou polo Equipo Decanal en diálogo coas persoas propoñentes.

Analizadas as propostas e no sentido que se acorde nas Comisións ou co Equipo Decanal, será feita a difusión das mesmas, para que, en xeral, en réxime de autoconvocatoria, poidan estas dar comezo, previa constitución dos grupos nas datas e lugares fixados por eles.

# Actividades Culturais

TÍTULO: Xornadas Converxencias, Dixitalidade(s) e tecnoloxía(s)

DESTINATARIOS/AS: Todos os membros da Facultade

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 20 de outubro (data límite para o envío de propostas)

ENDEREZO DE CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

DESCRICIÓN: Abrimos un chamamento para participar nas xornadas do programa Converxencias que terán lugar os días 21, 22 e 23 de novembro e este ano teñen como tema a(s) dixitalidade(s) e a(s) tecnoloxía nos ámbitos da lingua, a lingüística, a literatura e a cultura. Como e anos pasados haberá a posibilidade de publicar o texto nun libro que será o presente institucional da Facultade.



USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

XORNADAS CONVERXENCIAS
DIXITALIDADE(S) E TECNOLOXÍA(S)
21-23 DE NOVEMBRO DE 2023

**Que é o programa Converxencias?**

- É unha actividade que organizamos anualmente na Facultade.
- Inclúe a celebración dunhas xornadas nas cales é posible expor un traballo de divulgación ou investigación.
- As persoas que o desexen poderán publicar o texto nun libro que funcionará como presente institucional da Facultade.

**Cal é o tema desta convocatoria?**

- Os asuntos que propomos tratar estarán relacionados co tema da(s) dixitalidade(s) e a(s) tecnoloxía(s) nos ámbitos da lingua, a lingüística, a literatura e a cultura.

**Quen pode participar?**

- Todos os membros da facultade (PDI, PAS e estudantado).

**Cando e onde terán lugar as xornadas?**

- Os días 21, 22 e 23 de novembro entre as 16.00 e as 20.00 no Salón de Actos da Facutade de Filoloxía.

**Cal é o prazo para o envío das propostas?**

- O prazo estará aberto ata o 20 de outubro.

**Que información deben conter as propostas?**

- Un título e un resumo breve (250 palabras), indicando se está interesada/o na participación nas xornadas e tamén no libro.
- No caso do estudantado a proposta deberá achegarse co aval dun/dunha docente da facultade, cuxo nome poderá indicarse no mesmo correo no que se envíe a proposta.

**Cando deben entregarse os textos para o libro?**

- Ata o 15 de xaneiro de 2024 e coas indicacións de extensión e forma que a quen desexar participar.

**Enderezo para o envío de propostas ou dúbidas:**
filoloxia.decanato@usc.gal

# Actividades Culturais

TÍTULO: Obradoiro "Cómic e literatura, reiterando os sentidos"

DESTINATARIOS/AS: Todos os membros da Facultade

ORGANIZACIÓN: Decanato

DATA/S: 24 de outubro de 2023

ENDEREZO DE CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

DESCRICIÓN:

O ilustrador Tomás Guerrero, autor da exposición "O homem mais sábio" que pode visitarse na Facultade de Filoloxía, ofrécenos a possibilidade de impartir o obradoiro "Cómic e literatura, reiterando os sentidos". O docente dialogará cos participantes mostrando unha visión propia e persoal de como afronta o seu traballo en ilustración e cómic á hora de adaptar a literatura a unha linguaxe visual e gráfica.

Se estás interesada/o en asistir contesta a este formulario antes do 16 de outubro ás 14.00 horas:
https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe_Ju6g-6B2FNlSo0MRiGty1UNzlCRUFYQzBPSlkyREcxMFFCOEVUWFFMTC4u



# Actividades Culturais

TÍTULO: Convite á comunidade universitária, CineFilo

AXENTE QUE INFORMA/ORGANIZA: Decanato, Área de Filoloxía Catal

DATA/S: 17 de outubro

LUGAR: Facultade de Filoloxía

HORARIO: 17.00-20.00

CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL: CineFilo.USC (Instagram)

DESCRICIÓN:

O vindeiro día 17 de outubro, CineFilo viaxará ao sur de Latinoamérica para reflexionar sobre as ditaduras do último terzo do pasado século e os vestixios que esta violencia sistemática e institucionalizada deixou no presente. No coloquio contaremos coa presenza de dúas actrices, Cintia Fresenga e Ailén Kendelman, con quen falaremos do proceso da rodaxe e de como se afronta a memoria histórica, a dor e o trauma a través da sétima arte.

A actividade é aberta e de balde, e está recoñecida pola Facultade de Filoloxía como formación. Para máis información, podedes seguir a conta Instagram: @cineFilo.usc






FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Twitter e en Instagram!







A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia